



SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa do Concello, o día 7 de febreiro de 2020, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de decembro de 2019 .
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de decembro de 2019.
3. Toma de coñecemento da renuncia presentada por D. Alfonso Ramón González Gallego ao seu cargo de Concelleiro.
4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
5. Aprobación, se procede, do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2020, anexo de investimentos, operación de crédito que o financia e teito de gasto non financeiro, así como o cadro de persoal, relación de postos de traballo, convocatoria de procedementos de promoción interna e oferta de emprego público.
6. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, para corrixir as barreiras coas que se atopan as persoas con discapacidade visual ou auditiva nas administracións públicas.
7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para a mellora da Sanidade Pública.
8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, por uns servizos públicos de sanidade de calidade.
9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de apoio á mobilización cidadá en defensa da sanidade pública.
10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, para garantir a igualdade de trato entre as parellas de feito e as casadas no acceso á pensión de viuvez.
11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre ampliación de cupos de uva albariña por hectárea durante as próximas vendimas na denominación de orixe Rías Baixas.
12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre Modificación Regulamento Xeral de Costas.
13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos, para que se inclúa a Vilaxoán como fin e inicio de etapa na Ruta do Padre Sarmiento.
14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
16. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 3 de febreiro de 2020.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA XERAL,

Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Rosa Losada Suárez
Sinatura dixitalizada